

## NORMAS REGULADORAS DO RÉXIME DE ABOADOS

### As presentes normas serán de obrigado cumprimento para o aboado

#### 1. IMPRESO DE SOLICITUDE

1.1. O cliente que desexe solicitar o emprego dunha praza de aparcadoiro en réxime de aboamento (no sucesivo, o «**Aboado**») deberá encher, asinar e entregar á Sociedade que xestiona o aparcadoiro (no sucesivo, a «**Sociedade**») un impreso de solicitude de «Alta de Aboamento» facendo constar, entre outros, o tipo de aboamento (dos que se indican na Norma 9 seguinte) e os datos do vehículo aboado (o «**Vehículo aboado**»).

1.2. Non se considerará aceptado pola Sociedade o aboamento (no sucesivo, o «**Aboamento**») ata que o Aboado non reciba a tarxeta á que se refire a Norma 6.1., reservándose a Sociedade o dereito de admisión de Aboados por causas xustificadas.

1.3. O Aboado deberá notificar á Sociedade calquera variación dos datos facilitados, e moi especialmente, os cambios de domicilio, domiciliación bancaria, teléfono e os relativos ao Aboamento.

#### 2. ABOAMENTO

2.1. O Aboamento só será válido para o Aparcadoiro que o Aboado contrate (o «**Aparcadoiro**»), e non para outros, agás se o tipo de aboamento contratado o permite, e única e exclusivamente para o Vehículo aboado, dentro do horario e período acordados coa Sociedade. O Aboamento non será válido para o emprego do Aparcadoiro por calquera outro vehículo do Aboado que non sexa o Vehículo aboado, aínda que fose da súa propiedade, agás no suposto indicado no apartado 2.4 seguinte.

2.2. No caso de empregar o Aparcadoiro fóra dos horarios de Aboamento concertados, o Aboado deberá satisfacer o tempo de exceso de acordo coas tarifas vixentes para os clientes en réxime de rotación e pagamento horario. Sobre os horarios de Aboamento concertados non existirá franquía de pagamento de tipo ningún, nin á hora de entrada nin á de saída.

2.3. O Aboado deberá comunicar á Sociedade con antelación suficiente a substitución definitiva do Vehículo aboado por outro vehículo, para proceder a actualizar os datos do Vehículo aboado nos sistemas da Sociedade, a fin de permitirille a entrada no aparcadoiro.

2.4. Igualmente, se o Aboado precisa empregar o Aparcadoiro con outro vehículo diferente do Vehículo aboado, deberá comunicalo previamente á Sociedade xustificando as causas. En caso contrario, o Aboado estará obrigado a satisfacer as estadías do vehículo no Aparcadoiro segundo as tarifas vixentes en réxime de rotación e pagamento horario, sen redución no importe do Aboamento vixente.

2.5. No caso de dispoñer dunha praza fixa, se fose necesario identificar a praza, o cliente deberá pagar os custos da fabricación e colocación (ou substitución) dun cartel de praza reservada.

#### 3. COTAS DE ABOAMENTO

3.1. As cotas de aboamento serán fixadas en todo momento pola Sociedade e satisfeitas polo Aboado por períodos adiantados.

3.2. O pagamento das cotas de Aboamento realizarase do seguinte xeito:

a) No momento de subscribir o Aboamento, o Aboado deberá satisfacer mediante pagamento con tarxeta a cota de Aboamento adiantada correspondente á primeira mensualidade ou á parte proporcional da primeira mensualidade.

b) As cotas dos períodos sucesivos satisfaranse por adiantado, dentro dos cinco primeiros días do período correspondente, mediante domiciliación bancaria.

3.3. Se non se paga unha cota dentro do prazo, isto suporá a cancelación automática do Aboamento, o bloqueo da tarxeta de Aboamento e a baixa do Aboado; debendo este Aboado satisfacer as estadías de calquera vehículo no aparcadoiro, mesmo do vehículo que ata entón era o Vehículo aboado, ao prezo de tarifa vixente para os clientes en réxime de rotación e pagamento horario.

3.4. O Aboado estará obrigado a satisfacer a cota de Aboamento aínda no caso de que non empregue o aparcadoiro ou non se teña dado de baixa en tempo e forma, segundo o disposto na Norma 5 seguinte.

#### 4. DURACIÓN DO ABOAMENTO

4.1. O Aboamento non será, en ningún caso, de duración ilimitada. Non téndose fixado a duración do Aboamento, entenderase realizado polo mesmo prazo que se teña fixado para o pagamento da cota.

4.2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, o Aboamento irase renovando por períodos sucesivos mensuais, no seu caso, de xeito automático ata que algunha das partes manifeste a súa intención de non renovar, cumprindo os requisitos formais previstos no apartado 5.

#### 5. BAIXA DO ABOAMENTO

5.1. O Aboado poderá dar por rematado o réxime de Aboamento, dándose de baixa como máximo ata o día 25 do mes en curso. A baixa terá efecto a partir do mes seguinte á súa tramitación.

5.2. A comunicación de baixa deberá facerse por escrito no Aparcadoiro, ou a través do Centro de Atención ao Cliente (CAC) escribindo unha mensaxe de correo electrónico a: **cac@sabagroup.com**.

5.3. O incumprimento de calquera dos requisitos anteriores significará a devindicación da cota do seguinte período, con independencia de que se empregue ou non o Aparcadoiro.

5.4. Non se admitirán baixas temporais. Calquera baixa será definitiva.

5.5. O cliente que cause baixa perderá a súa condición de Aboado, pasando a ser como calquera outro cliente de rotación do Aparcadoiro.

5.6. A Sociedade tamén poderá dar por rematado o Aboamento cun aviso previo ao Aboado mínimo de quince (15) días anteriores á data na que se desexe rematar a relación co Aboado.

5.7. En calquera caso, a Sociedade poderá dar automaticamente por rematado o Aboamento, sen aviso previo ningún, no caso de que o Aboado incumpra calquera das presentes Normas Reguladoras ou outras que puidese ditar a Sociedade co fin de acadar un mellor funcionamento do Aparcadoiro. Tamén poderá dalo por resolto en caso de remate da xestión do Aparcadoiro por parte da Sociedade, con independencia da súa causa.

#### 6. TARXETA DE ABOAMENTO

6.1. Ao recibir a Tarxeta de Aboamento, o Aboado deberá satisfacer á Sociedade o importe fixado en cada momento para os gastos de xestión da mesma. O importe será comunicado ao cliente sempre de maneira previa á sinatura da Alta de Aboamento.

6.2. No caso de que o Aboado perda a Tarxeta de Aboamento ou se lle deteriore por mal uso e precise outra nova, deberá satisfacer de novo a cantidade indicada por gastos de xestión.

6.3. O Aboado que non se identifique como tal, mediante a Tarxeta de Aboamento ou un dos métodos de entrada que teña establecido en función do tipo de aboamento contratado dos relacionados nos anexos, estará obrigado a pagar a estadía do Vehículo aboado ao prezo das tarifas vixentes para os clientes en réxime de rotación e pagamento horario, incluíndo o pagamento do importe establecido en caso de perda do ticket, sen dereito a redución no importe do Aboamento en vigor.

6.4. O extravío da Tarxeta de Aboamento deberá comunicarse á Sociedade de inmediato.

## 7. NORMAS DE USO

7.1. Os Aboados deberán empregar as prazas do Aparcadeiro que, en calquera momento, lles sexan indicadas pola Sociedade a través dos seus empregados.

7.2. O Aboado deberá coñecer e respectar a lexislación vixente sobre uso e condución de vehículos, as normas ditas polo Concello correspondente e as Normas de Uso do aparcadoiro expostas no propio Aparcadeiro.

7.3. O Aboado conducirá con prudencia no interior do Aparcadeiro, respectando as normas de tránsito e as indicacións dos empregados.

7.4. O condutor será responsable de todas as lesións e danos que se puidesen ocasionar co Vehículo aboado a persoas, vehículos, instalacións, estruturas, etc. no Aparcadeiro e nos seus accesos, e deberá poñer en coñecemento inmediato dos empregados do Aparcamiento os danos e as lesións que se tivesen producido ou presenciado.

## 8. DANOS AO APARCADOIRO

O Aboado ten a obriga de comunicar aos empregados do Aparcadeiro, de forma inmediata e antes de saír do mesmo, os danos e prexuízos que tivese podido ocasionar ao Aparcadeiro ou a outros clientes.

## 9. TIPOS DE ABOAMENTO

O Aboado poderá ter contratado un dos seguintes Aboamentos, séndolle de aplicación as normas que se refiren a cada un deles, en función da contratación realizada.

- **Aboamento de vehículos a motor:** consiste no dereito a empregar unha (ou varias) praza(s) de aparcadoiro en réxime de aboamento para vehículos a motor. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 1.
- **Aboamento de bicicletas con sistema de enganche:** consiste no dereito a empregar un espazo do Aparcadeiro dotado cunha ancoraxe para suxeitar a bicicleta. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 2.
- **Aboamento de Cochebox:** consiste no dereito a empregar un espazo pechado como praza fixa para un ou dous vehículos. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 3.
- **Aboamento de Servizo box bicicletas:** consiste no dereito a empregar un receptáculo como praza fixa para unha ou dúas bicicletas de tamaño adulto ou similar e equipamento do ciclista. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 4.
- **Aboamento de Servizo box motos:** consiste no dereito a empregar unha praza de motocicleta cunha ancoraxe para suxeitar a motocicleta que incorpora un armario destinado ao equipamento do motorista. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 5.
- **Aboamento con reserva de praza e cargador eléctrico:** consiste no dereito a empregar unha praza fixa para vehículos eléctricos na que hai un cargador eléctrico. As características deste Aboamento detállanse no Anexo n.º 6.

## 10. MODIFICACIÓN DE NORMAS

10.1. En calquera momento a Sociedade poderá unilateralmente aprobar novas Normas de obrigado cumprimento por parte dos Aboados, para o mellor funcionamento do Aparcadeiro, como complemento ou en substitución das presentes.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

**11.1. Responsable do tratamento.** Os datos de carácter persoal facilitados no proceso de contratación do Aboamento, así como aqueles que se poidan xerar como consecuencia da prestación dos servizos, serán tratados pola Sociedade indicada no formulario de Alta de Aboado.

**11.2. Tratamento de datos persoais e base legal para o tratamento.** Os datos serán tratados coas seguintes finalidades:

- Xestión administrativa: formalización do contrato e xestión administrativa, económica e fiscal asociada ao mesmo, incluíndo a xestión de recobros e comunicacións operativas; así como calquera outro tratamento de datos que poida derivarse, como xestión de reclamacións, xestión de sinistros... A base legal destes tratamentos de datos é o desenvolvemento da relación contractual.
- Prestación do servizo: os seguintes tratamentos de datos lévanse a cabo para a correcta prestación do servizo, sendo a súa base legal o desenvolvemento da relación contractual:
  - Sistema de lectura de matrículas: a matrícula é captada polo sistema de recoñecemento de matrícula coa finalidade de dar cumprimento á normativa vixente en materia de aparcadoiros. Así mesmo, a lectura da matrícula permite a entrada e/ou a saída do Aparcadeiro se se activa esta función;
  - Sistema de lectura de dispositivos VÍA-T: as antenas existentes na entrada do Aparcadeiro len os dispositivos VÍA-T, que poden empregarse como método de acceso ao Aparcadeiro. Se non desexa empregar o seu VÍA-T, no Aparcadeiro pode solicitar a súa inclusión nunha lista para non ser empregado trala lectura por parte do sistema;
  - Chamadas ao CAC (Centro de Atención e Control): o Aparcadeiro dispón de interfonos a través dos cales pode contactar con persoal de Saba. As chamadas efectuadas ao CAC son gravadas coa finalidade de garantir a calidade do servizo;
  - Sistema de videovixilancia: o Aparcadeiro está dotado dun sistema de videovixilancia, anunciado mediante carteis informativos, coa finalidade de garantir a custodia dos vehículos e o control das instalacións, sendo a base legal o interese lexítimo da Sociedade.
- Envío de comunicacións comerciais sobre produtos e servizos do seu interese: os seus datos serán tratados para ofrecerlle información sobre servizos ou produtos relacionados cos xa contratados e que mellor se axusten ás súas necesidades. A base xurídica é o interese lexítimo da Sociedade en manter os seus usuarios informados sobre aspectos do seu interese. **Pode opoñerse en calquera momento á recepción de comunicacións comerciais, enviando unha mensaxe de correo electrónico a [dpo.saba.es@sabagroup.com](mailto:dpo.saba.es@sabagroup.com) ou mediante a ligazón incluída en cada unha das comunicacións que poida recibir.**
- Elaboración de perfís e envío de comunicacións comerciais de sociedades do Grupo Saba e/ou de terceiros: se o consinte expresamente, os seus datos poderán ser tratados para elaborar un perfil de cliente co obxectivo de remitirle información, por calquera medio, relativa a servizos ou produtos ofrecidos polas sociedades do Grupo Saba ou por terceiras sociedades que presten servizos relacionados co sector da mobilidade, do automóbil ou vinculados ao estacionamento. Para este fin, non comunicaremos os seus datos a terceiros a non ser que vostede o consinta expresamente. O perfil de cliente poderá incluír características demográficas e xeográficas, así como

patróns de compra, historial de adquisicións e interaccións coas sociedades do Grupo Saba e, no seu caso, datos obtidos da súa navegación web ou uso de app de Saba, así como de calquera outra información que teña podido facilitar. A base legal para este tratamento é o seu consentimento, formalizado no proceso de contratación do Aboado.

- Envío de enquisas de satisfacción: os seus datos poderán ser tratados para poñernos en contacto con vostede co fin de coñecer a súa opinión sobre os produtos ou servizos contratados. A base legal para o tratamento dos datos é o interese lexítimo de Saba. Pode opoñerse en calquera momento a este tratamento de datos, exercendo o seu dereito de oposición mediante o envío dunha mensaxe de correo electrónico a [dpo.saba.es@sabagroup.com](mailto:dpo.saba.es@sabagroup.com).

**11.3. Prazo de conservación dos datos.** Con carácter xeral, os datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación contractual. Unha vez rematada a relación contractual, os datos persoais conservaranse durante os prazos de prescrición legal aplicables. De maneira específica:

- Chamadas ao CAC (Centro de Atención e Control): conservaranse durante un período máximo de tres (3) meses.
- Imaxes captadas polo sistema de videovixilancia: conservaranse durante un período máximo de trinta (30) días.
- Datos tratados con fins de elaboración de perfís e accións comerciais: conservaranse ata que vostede nos indique o contrario.

**11.4. Comunicación de datos a terceiros.** Os seus datos poderán ser comunicados a terceiros cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento e control da relación contractual (por exemplo, a entidades bancarias ou compañías aseguradoras), cando unha lei así o requira (por exemplo, á administración tributaria), así como en caso de ser requiridos por xuíces e tribunais e/ou forzas e corpos de seguridade competentes.

#### Aboamentos con condicións especiais

A contratación dun Aboamento que poida levar asociados descontos e/ou bonificacións nos aparcadoiros da rede Saba require que os datos persoais do Aboado sexan comunicados ás sociedades do Grupo Saba coa exclusiva finalidade de poder aplicar as condicións asociadas ao Aboamento contratado, sendo a base legal para a cesión de datos o desenvolvemento da relación contractual.

A contratación dun Aboamento que poida levar asociados servizos prestados por terceiros suporá a comunicación dos datos persoais do Aboado a estes terceiros, coa exclusiva finalidade de poder aplicar as condicións asociadas ao Aboamento contratado, sendo a base legal para a cesión de datos o desenvolvemento da relación contractual. Os servizos prestaranse consonte os termos e as condicións destes terceiros, quedando a Sociedade exonerada de calquera responsabilidade derivada da prestación destes servizos.

#### Aboamentos con servizo de recarga eléctrica

A contratación dun Aboamento con servizo de recarga eléctrica supón que os datos persoais do Aboado sexan comunicados á sociedade distribuidora de electricidade que presta o servizo, coa finalidade de activar e prestar o servizo de recarga, así como de cumprir as obrigas legais derivadas da prestación do servizo. A base legal para a cesión de datos é o desenvolvemento da relación contractual.

**11.5. Dereitos.** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, retirar o seu consentimento, solicitar a limitación do tratamento dos datos persoais e o dereito á portabilidade destes datos, segundo corresponda. Para exercer estes dereitos poderá dirixirse a [dpo.saba.es@sabagroup.com](mailto:dpo.saba.es@sabagroup.com) ou ao domicilio da Sociedade (A/A DPO).

Se o Aboado comunica datos persoais de terceiros distintos ao titular do Aboamento, o Aboado é responsable de informar a estes terceiros da comunicación dos seus datos á Sociedade e dos termos incluídos na presente cláusula, segundo a lexislación vixente.

Se considera que se infrinxiu a lexislación en materia de protección de datos respecto ao tratamento dos seus datos persoais, ten dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.

## ANEXO N.º 1

### CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR

No impreso de Alta de Aboamento deberán facerse constar os datos do vehículo que vaia estacionar (no sucesivo, o «**Vehículo aboado**»).

#### a) Tarxeta de Aboamento, uso do VÍA-T vinculado ao Aboamento ou lectura de matrícula.

O emprego da Tarxeta de Aboamento na entrada dependerá do sistema de control existente. O Aboado deberá levar consigo a tarxeta codificada entregada pola Sociedade e que o identifica como Aboado.

Se o Aboado o desexa, poderá vincular ao seu aboamento o VÍA-T ou a matrícula (naqueles aparcadoiros que dispoñan do sistema de lectura de matrícula) para entrar e/ou saír do Aparcadoiro e mantelo actualizado cada vez que o dispositivo caduque ou se modifique a entidade que o facilita. A vinculación do VÍA-T ou da matrícula non ten custo asociado.

Para usar o VÍA-T, o Aboado deberá levalo directamente instalado no vehículo no momento de entrar e/ou abandonar o Aparcadoiro. Na entrada, o sistema de control recoñecerá o VÍA-T e abrirá a barreira de entrada, sen que o Aboado teña que inserir/aproximar a Tarxeta de Aboamento no poste de entrada. Na saída, o sistema de control valorará a estadía ou identificará o Aboado permitindo a saída do vehículo. No caso de lectura de matrícula, aplicarase o mesmo funcionamento.

Aos clientes en réxime de Aboamento a tempo parcial, facturaránelles os excesos de tempo a través do VÍA-T.

**b) Obrigas do Aboado.** Será de aplicación a Lei 40/2002, que regula os contratos de aparcadoiro de vehículos, polo que a Sociedade terá dereito de retención do vehículo como garantía do pagamento do prezo do Aparcadoiro.

**c) Responsabilidade da Sociedade por roubos ou danos ao vehículo.** A Sociedade responderá nos termos da Lei 40/2002, de 14 de novembro de 2002, que regula os contratos de aparcadoiro. A Sociedade non se responsabiliza en ningún caso dos obxectos depositados no interior dos vehículos, nin dos accesorios non fixos e que sexan extraíbles, como dispositivos electrónicos, teléfonos móbiles e demais pertenzas.

O Aboado deberá comunicar os danos que teña podido sufrir o seu vehículo dentro do Aparcadoiro. No caso de que os danos se deban a un roubo, cumprirá tramitar a correspondente denuncia previa perante as Forzas de Seguridade competentes.

## ANEXO N.º 2

### CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO DE BICICLETAS CON SISTEMA DE ENGANCHE

No impreso de Alta de Aboamento deberán facerse constar, para o seu rexistro, a marca e o tipo de bicicleta que se estacionará (no sucesivo, a «**Bicicleta aboada**»).

Non se asignará ao Aboado unha praza fixa. A Sociedade poderá solicitar ao Aboado que estacione no espazo que considere oportuno para o mellor funcionamento do Aparcadoiro.

O Aboamento dá dereito ao emprego do Aparcadoiro única e exclusivamente por parte da Bicicleta aboada e no horario e período acordado coa Sociedade. Non se poderá empregar para calquera outra bicicleta distinta da Bicicleta aboada, polo que se o Aboado desexase substituír a Bicicleta aboada deberá comunicalo previamente á Sociedade.

O candeeado para suxeitar a bicicleta á ancoraxe será achegado polo Aboado. Será obrigatorio que o Aboado proceda á suxeición da bicicleta á ancoraxe.

A Sociedade realizará unha foto da Bicicleta aboada para a súa posterior identificación. No caso de cambiar de bicicleta, deberá informarse ao Aparcadoiro para actualizar a súa fotografía e dispoñer dos datos correspondentes.

**a) Tarxeta de Aboamento.** A Sociedade entregará ao Aboado unha tarxeta para a súa identificación e acceso á zona peonil. A exhibición da tarxeta será obrigatoria a petición de calquera empregado do Aparcadoiro.

**b) Acceso ao Aparcadoiro.** O acceso da Bicicleta aboada ao Aparcadoiro poderase realizar polas ramplas destinadas aos vehículos, con estrito cumprimento das normas de circulación e baixo responsabilidade do Aboado.

O Aboado que leve a bicicleta cederá o paso aos outros usuarios do Aparcadoiro, tendo especial coidado de non provocar lesións a estes usuarios.

Queda terminantemente prohibido circular montando na Bicicleta aboada no interior del Aparcadoiro.

**c) Responsabilidade da Sociedade por roubos ou danos á Bicicleta aboada. A Sociedade non responderá en ningún caso polos danos causados por terceiros á Bicicleta aboada, nin polo roubo da mesma nin dos seus elementos, sendo responsabilidade do Aboado contratar o correspondente seguro. No caso de que o Aboado decida non contratar un seguro, renuncia fronte á Sociedade ao exercicio de accións debido a danos, perdas ou roubos destes obxectos.**

## ANEXO N.º 3

### CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO DE COCHEBOX

No impreso de Alta de Aboamento deberán facerse constar os datos do vehículo ou vehículos (ata dous por Aboamento), que vaia(n) estacionar (no sucesivo, o(s) «Vehículo(s) aboado(s)»).

Asignarase unha praza fixa.

O espazo poderá ser aberto e pechado a través dun mando e chave que serán subministrados ao Aboado pola Sociedade.

Este Aboamento inclúe o dereito á subministración eléctrica a cargo da Sociedade.

**Non se poderá gardar no Cochebox ningún outro obxecto diferente a vehículos a motor ou bicicletas.**

O aparcadoiro do Vehículo aboado fóra do Cochebox suporá o cobro da estadía a prezo da tarifa aplicable no Aparcadoiro.

**a) Tarxeta de Aboamento, uso do VÍA-T vinculado ao Aboamento ou lectura de matrícula.**

O emprego na entrada da Tarxeta de Aboamento dependerá do sistema de control existente. O Aboado deberá levar consigo a tarxeta codificada entregada pola Sociedade e que o identifica como Aboado.

Se o Aboado o desexa, poderá vincular ao seu aboamento o VÍA-T ou a matrícula (naqueles aparcadoiros que dispoñan do sistema de lectura de matrícula) para entrar e/ou saír do Aparcadoiro e mantelo actualizado cada vez que o dispositivo caduque ou se

modifique a entidade que o facilita. A vinculación do VÍA-T ou da matrícula non ten custo asociado.

Para usar o VÍA-T, o Aboado deberá levalo directamente instalado no vehículo no momento de entrar e/ou abandonar o Aparcadoiro. Na entrada, o sistema de control recoñecerá o VÍA-T e abrirá a barreira de entrada, sen que o Aboado teña que inserir/aproximar a Tarxeta de Aboamento no poste de entrada. Na saída, o sistema de control valorará a estadía ou identificará o Aboado permitindo a saída do vehículo. No caso de lectura de matrícula, aplicarase o mesmo funcionamento.

Aos clientes en réxime de Aboamento a tempo parcial, facturaránelles os excesos de tempo a través do VÍA-T.

**b) Fianza.** Ao contratar o Aboamento, o Aboado deberá entregar -en efectivo ou a través de tarxeta e en concepto de fianza- o importe correspondente a unha mensualidade do Aboamento.

A Sociedade devolverá esta fianza ao Aboado nun prazo dun (1) mes desde o remate do Aboamento, sempre e cando o Aboado estivese ao corrente do pagamento do prezo do Aboamento e o espazo se devolvese en perfecto estado. No caso de non pagar, atrasarse no pagamento ou producirse danos no Cochebox, a Sociedade poderá destinar a fianza a atender o pagamento das débedas ou danos causados.

**c) Responsabilidade da Sociedade por roubos ou danos ao Vehículo aboado aparcado no Cochebox.** A Sociedade responderá nos termos da Lei 40/2002, de 14 de novembro de 2002, que regula os contratos de aparcadoiro. A Sociedade non se responsabiliza en ningún caso dos obxectos depositados no interior dos vehículos, nin dos accesorios non fixos e que sexan extraíbles, como teléfonos móbiles e demais pertenzas.

O Aboado deberá comunicar os danos que teña podido sufrir o seu vehículo dentro do Aparcadoiro. No caso de que os danos se deban a un roubo, cumprirá tramitar a correspondente denuncia previa perante as Forzas de Seguridade competentes.

**A Sociedade non responderá en ningún caso polos danos causados por terceiros á(s) bicicleta(s) que estea(n) aparcada(s) no Cochebox nin polo roubo desta(s) ou dos seus elementos, sendo responsabilidade do Aboado contratar o correspondente seguro. No caso de que o Aboado decida non contratar un seguro, renuncia fronte á Sociedade ao exercicio de accións debido a danos, perdas ou roubos destes obxectos.**

**d) Resolución do contrato de Aboamento do Cochebox.** Rematado o contrato de Aboamento por calquera causa, o Aboado deberá retirar os vehículos/bicicletas do Cochebox. Se non se retirasen, procederáse do seguinte xeito:

- Con relación aos vehículos, aplicarase o establecido na lexislación aplicable respecto dos vehículos abandonados.
- Con relación ás bicicletas ou outros obxectos non autorizados que puidesen estar no Cochebox, transcorridos cinco (5) días naturais desde o remate do Aboamento, o Aboado faculta desde este momento á Sociedade a abrir o Cochebox e trasladar as bicicletas/obxectos a un almacén, debendo pagar o Aboado á Sociedade a débeda existente e a tarifa correspondente aos días que transcorran ata que o Aboado proceda á retirada.

Transcorridos trinta (30) días sen que os obxectos teñan sido retirados nin se teña aboado o importe debido, os artigos entenderanse abandonados polo Aboado e a Sociedade poderá poñelos á venda en poxa pública perante Notario e aplicar o produto da mesma á satisfacción das cantidades referidas no parágrafo anterior e aos gastos da venda. O remanente, se o houber, será consignado ou depositado notarialmente pola Sociedade ao dispor do Aboado.

**ANEXO N.º 4****CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO DO SERVIZO BOX BICICLETAS**

No impreso de Alta de Aboamento deberán facerse constar para o seu rexistro a marca e o tipo da(s) bicicleta(s) (ata dúas bicicletas de tamaño adulto ou similar) que se estacionará(n) (no sucesivo, a «**Bicicleta**»).

A Sociedade realizará unha foto da Bicicleta para a súa posterior identificación. No caso de cambiar de Bicicleta, deberá comunicarse ao Aparcadoiro para actualizar a súa fotografía e dispoñer dos datos correspondentes.

O Aboamento dá dereito ao emprego do Aparcadoiro que se determine na Alta de Aboado e non de calquera outro da rede de aparcadoiros da Sociedade.

Asignarase ao Aboado un receptáculo fixo. O candeado para pechar o receptáculo será achegado polo Aboado.

**a) Tarxeta de Aboamento.** A Sociedade entregará ao Aboado unha tarxeta para a súa identificación e acceso á zona peonil. A exhibición da tarxeta será obrigatoria a petición de calquera empregado do Aparcadoiro.

**b) Acceso ao Aparcadoiro.** O acceso da Bicicleta ao Aparcadoiro poderase realizar polas ramplas destinadas aos vehículos, con estricto cumprimento das normas de circulación e baixo responsabilidade do Aboado.

O Aboado que leve a Bicicleta cederá o paso aos outros usuarios do Aparcadoiro, tendo especial coidado de non provocar lesións a estes usuarios.

Queda terminantemente prohibido circular montando na Bicicleta no interior del Aparcadoiro.

**c) Obrigas do Aboado.** Non se poderá gardar no receptáculo ningún outro obxecto diferente da(s) Bicicleta(s) que se teña(n) indicado no impreso de Alta de Aboamento, polo que calquera cambio deberá comunicarse á Sociedade.

**d) Fianza.** Ao contratar o Aboamento, o Aboado deberá entregar -en efectivo ou a través de tarxeta e en concepto de fianza- o importe correspondente a unha mensualidade do Aboamento.

A Sociedade devolverá esta fianza ao Aboado nun prazo dun (1) mes desde o remate do Aboamento, sempre e cando o Aboado estivese ao corrente do pagamento do prezo do Aboamento e o espazo se devolvese en perfecto estado. No caso de non pagar, atrasarse no pagamento ou producirse danos no receptáculo, a Sociedade poderá destinar a fianza a atender o pagamento das débedas ou danos causados.

**e) Responsabilidade da Sociedade por roubos ou danos á Bicicleta.** A Sociedade non responderá en ningún caso polos danos causados por terceiros á Bicicleta, nin polo roubo da mesma nin dos seus elementos, sendo responsabilidade do Aboado contratar o correspondente seguro. No caso de que o Aboado decida non contratar un seguro, renuncia fronte á Sociedade ao exercicio de accións debido a danos, perdas ou roubos destes obxectos.

**f) Resolución do contrato de Aboamento do Servizo Box Bicicletas.** Rematado o contrato de Aboamento por calquera causa, o Aboado deberá retirar a(s) Bicicleta(s) do receptáculo e os seus accesorios. Se non se retirasen, transcorridos cinco (5) días naturais desde o remate, o Aboado faculta desde este momento á Sociedade a abrir o receptáculo e trasladar os obxectos a un almacén, debendo pagar o Aboado á Sociedade a débeda existente e a tarifa correspondente aos días que transcorran ata que o Aboado proceda a retirar a Bicicleta.

Transcorridos trinta (30) días sen que os obxectos teñan sido retirados nin se teña aboado o importe debido, os artigos entenderanse abandonados polo Aboado e a Sociedade poderá

poñelos á venda en poxa pública perante Notario e aplicar o produto da mesma á satisfacción das cantidades referidas no parágrafo anterior e aos gastos da venda. O remanente, se o houbese, será consignado ou depositado notarialmente pola Sociedade ao dispor do Aboado.

As facultades recoñecidas á Sociedade nos parágrafos precedentes terán a consideración de dereito de retención como garantía dos obxectos.

**ANEXO N.º 5****CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO DO SERVIZO BOX MOTOS**

No impreso de solicitude deberán facerse constar os datos do vehículo que vaia estacionar (no sucesivo, o «**Vehículo aboado**»).

**a) Tarxeta de Aboamento.** A Sociedade entregará ao Aboado unha tarxeta cuxo uso será obrigatorio tanto á entrada como á saída do Aparcadoiro (no sucesivo, a «**Tarxeta de Aboamento**»). O emprego na entrada dependerá do sistema de control existente. No caso de que o sistema de control implique a obtención de Ticket de aparcadoiro na entrada e non o emprego da Tarxeta de Aboamento, á saída, o ticket deberá entregarse na sala de atención ao cliente xunto coa Tarxeta de Aboamento.

Na Tarxeta de Aboamento figura unicamente o código da propia tarxeta. Asignarase ao cliente unha praza fixa.

O candeado para suxeitar a motocicleta á ancoraxe será achegado polo Aboado.

O candeado para o armario destinado ao equipamento será igualmente achegado polo Aboado.

**b) Obrigas do Aboado do Servizo Box Motos.** Non se poderán inserir nos armarios obxectos de valor, nin equipaxes ou vultos que conteñan diñeiro en metálico, pezas de valor, obras de arte, etc. Queda así mesmo prohibido inserir materiais inflamables, explosivos ou perigosos, comida, líquidos ou produtos perecedeiros, ou obxectos que poidan supoñer unha ameaza para as persoas ou cuxa circulación ou uso estea prohibido, armas, etc.

O Aboado non poderá instalar rótulos nin adhesivos de ningún tipo nos armarios e deberá conservalos en bo estado de limpeza. A Sociedade resérvase a facultade de poder incorporar publicidade nos armarios, sendo o Aboado coñecedor deste feito.

**c) Fianza.** Ao contratar o Aboamento, o Aboado deberá entregar -en efectivo ou a través de tarxeta e en concepto de fianza- o importe correspondente a unha mensualidade do Aboamento.

A Sociedade devolverá esta fianza ao Aboado nun prazo dun (1) mes desde o remate do Aboamento, sempre e cando o Aboado estivese ao corrente do pagamento do prezo do Aboamento e o espazo se devolvese en perfecto estado. No caso de non pagar, atrasarse no pagamento ou producirse danos no armario, a Sociedade poderá destinar a fianza a atender o pagamento das débedas ou danos causados.

**d) Responsabilidade da Sociedade por roubos ou danos ao Vehículo aboado.** A Sociedade responderá nos termos da Lei 40/2002, de 14 de novembro de 2002, que regula os contratos de aparcadoiro. A Sociedade non se responsabiliza en ningún caso dos accesorios non fixos e que sexan extraíbles, como aparellos electrónicos, teléfonos móbiles e outras pertenzas.

O Aboado deberá comunicar os danos que teña podido sufrir o seu vehículo dentro do Aparcadoiro. No caso de que os danos se deban a un roubo/espoliación, cumprirá tramitar a correspondente denuncia previa perante as Forzas de Seguridade competentes.

**A Sociedade non se fai responsable das pertenzas que sexan inseridas nos armarios, nin do seu roubo ou subtracción, sendo responsabilidade do Aboado contratar o correspondente seguro.**

**No caso de que o Aboado decida non contratar un seguro, renuncia fronte á Sociedade ao exercicio de accións debido a danos, perdas ou roubos destes obxectos.**

**e) Resolución do contrato de Aboamento do Servizo Box Motos.** Rematado o contrato de Aboamento por calquera causa, o Aboado deberá retirar de inmediato todas as súas pertenzas do armario. Se non se retirasen, transcorridos cinco (5) días naturais desde o remate, o Aboado faculta desde este momento á Sociedade a abrir o armario e trasladar os obxectos a un almacén, debendo pagar o Aboado á Sociedade a débeda existente e a tarifa correspondente aos días transcorridos para poder retirar estes obxectos.

Transcorridos trinta (30) días sen que os obxectos teñan sido retirados nin se teña aboado o importe debido, os artigos entenderanse abandonados polo Aboado e a Sociedade poderá poñelos á venda en poxa pública perante Notario e aplicar o produto da mesma á satisfacción das cantidades referidas no parágrafo anterior e aos gastos da venda. O remanente, se o houbese, será consignado ou depositado notarialmente pola Sociedade ao dispor do cliente.

As facultades recoñecidas á Sociedade nos parágrafos precedentes terán a consideración de dereito de retención como garantía dos obxectos e/ou bens existentes.

## ANEXO N.º 6

### CARACTERÍSTICAS DO ABOAMENTO CON RESERVA DE PRAZA E CARGADOR ELÉCTRICO

**A esta tipoloxía de aboamento aplícanse as condicións establecidas no ANEXO N.º 1, máis as que se establecen a continuación.**

Este Aboamento permite o uso en exclusiva para os vehículos eléctricos dunha praza de aparcadoiro con cargador eléctrico. Estas prazas están especialmente sinaladas pola Sociedade, sendo o Aboado o encargado de asumir o custo desta sinalización.

A praza dá dereito ao emprego desta por dous vehículos, aínda que nunca de xeito simultáneo.

**a) Alta.** Para gozar deste servizo, o Aboado deberá contratar o Aboamento á Sociedade e contratar o servizo de carga ao provedor de enerxía eléctrica que ofrezca este servizo no Aparcadoiro no prazo máximo de quince (15) días naturais desde a contratación do Aboamento. A contratación co provedor deberá manterse activa mentres o Aboamento estea vixente. Se o Aboado no se dá de alta no servizo do provedor de enerxía nese prazo, a Sociedade ofreceralle outra modalidade de Aboamento, quedando o Aboado obrigado a liberar a praza con cargador eléctrico no prazo de cinco (5) días.

A praza poderá ser empregada por dous vehículos, non de xeito simultáneo, os cales deberán identificarse.

**b) Facturación.** O Aboado con reserva de praza e cargador eléctrico recibirá dúas facturas, unha correspondente ao Aboamento e outra ao consumo da carga eléctrica, a cal será remitida polo correspondente provedor.

**c) Baixa.** No caso de solicitar a baixa do Aboamento, será obrigatorio darse de baixa do servizo de carga eléctrica perante o provedor.

**d) Información ao provedor de enerxía eléctrica.** A Sociedade informará o provedor de enerxía eléctrica correspondente dos datos do Aboado que contrate este tipo de Aboamento, para que este poida tramitar o servizo de carga eléctrica.

**e) Incidencias.** No caso de que o funcionamento do cargador eléctrico sexa defectuoso, o Aboado deberá contactar co provedor que preste o servizo. Se o provedor é unha sociedade do grupo Endesa, deberá contactar a través do teléfono 800 760 255 e comunicar a incidencia. Se esta non se resolve nun breve prazo de tempo, Endesa facilitaralle un código promocional con 160 kWh de balde para usalos nos cargadores existentes nas prazas de acceso público ao Aparcadoiro (pool).

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

DNI / NIE: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura: